


SAT CAMPÓN, PIONEIROS NO MUXIDO CON ROBOT

Esta granxa, situada en Santillán, ás aforas de San Vicente de la Barquera, foi a primeira explotación cántabra na que se instalou un robot: levan dende 2003 traballando con muxido robotizado. En 2010 instalaron o segundo (o primeiro de Lely) e, tres anos despois, substituíron o máis antigo por un novo Lely, o cal lles permitiu volver unificar a granxa.



A SAT Campón é propiedade dos irmáns David e José Ángel Roiz Suárez, e nela teñen a maiores dous empregados. Teñen en muxidura uns 130 animais cunha media de produción que supera os 40 litros por vaca e día. A ración ten un custo de entre 5,8 e 6 euros/vaca/día e consiste en 1 kg de palla, 10 kg de silo de raigrás, 10 kg de silo de millo, 8 kg de mestura de fariñas e 5 kg de media de concentrado no robot.

Son socios de Central Lechera Asturiana, compañía á que venden o leite e á que, na actualidade, están entregando máis de 5.000 litros diarios.

A EXPERIENCIA COS LELY ASTRONAUT

En Campón estiveron durante tres anos coa explotación dividida debido a que traballaban con dous robots de distintas marcas. En 2013 adquiriron o segundo robot Lely e, deste xeito, puideron deixarlles tráfico libre aos animais para que entrasen nun robot ou noutro indistintamente: “Así, as vacas están máis tranquilas, poden facer o que queiran e non teñen case necesidade de estar na sala de espera antes do muxido”, explican.



En relación ás vantaxes tras a instalación dos robots, os irmáns Roiz aluden á mellora na calidade de vida: “Non necesitas estar amarrado sempre aos mesmos horarios e, cando pasas aos tres muxidos, ese terceiro cremos que se fai con moito menos traballo e sen necesidade de man de obra extra”. Para eles, o terceiro muxido é clave porque é onde obteñen a maior rendibilidade.

A SAT Campón
en vídeo, aquí:



“Agora mesmo estamos batendo os nosos propios récords”, din David e José Ángel, que calculan que para finais de ano terán entregados arredor de 1,7 millóns de litros de leite. Debido a isto, contan que, se os seus fillos queren seguir co negocio, terán que pensar en ampliar, xa que están ao máximo das súas capacidades: “Estamos no tope tanto cos dous robots como coas instalacións que temos neste momento”.

Ademais, falando de como está a ser a vellez do robot, dende a SAT Campón aseguran que se trata dun proceso simple: “Non é complicado. As pezas destes robots non levan moito desgaste, logo os cambios e o mantemento son sinxelos”.

OUTROS PRODUTOS LELY EN CAMPÓN

A maiores dos dous robots de muxido, nesta granxa tamén contan con outros produtos Lely, como a báscula e os colares de ruminación e celo, e incorporan ademais o Lely Pura, “un engadido ao robot que consiste en que entre vaca e vaca entra un chorro de vapor a 168 °C que mata todas as bacterias que haxa, polo que impides que se transmita a mamite e que haxa contaminación”, explica José Ángel.

EN RETROSPECTIVA

Botando a vista atrás, destacan a fiabilidade, o servizo e o bo mantemento que reciben ata o de agora e explican que, malia que o cambio foi grande, este resultoulles máis que satisfactorio. “A experiencia que temos é a dun muxido moi eficaz, moi rápido e co que as vacas se senten cómodas”, din e, ao respecto da produción, engaden: “Fomos aumentando progresivamente o fluxo de muxido, o que fixo que puidésemos ir traballando cada vez con máis vacas e producindo máis leite”.

A innovación ao servizo da gandería



AGROTEC ENTRECANALES SL
LELY CENTER OUTEIRO DE REI
27150 OUTEIRO DE REI (LUGO)
Tel. + 34 609 85 77 09
loscorralesdebuelna@cor.lelycenter.com

O MELLOR SERVIZO O MÁIS PRETO POSIBLE

Lely baséase no seu coñecemento das tecnoloxías máis avanzadas e das técnicas de diagnóstico máis recentes. Lely garante que só técnicos certificados interveñen no voso sistema de muxido automatizado.

EVOLVE.

